# ADMISIÓN FP GALICIA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES CORUXO

# PÁXINA WEB FP XUNTA

Nesta web está toda a información relativa ó proceso de admisión: https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25

- Calendario admisión
- Instrucións xerais



# ORGANIZACIÓN DAS OFERTAS

- OFERTA ORDINARIA (Matrícula por curso)
- OFERTA MODULAR (Matrícula por módulo)
- CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN
- MODALIDADES: Presencial, semipresencial ou distancia (virtual)
- RÉXIME DUAL: Xeral e intensivo

Pulsa nas lupas para máis información

# ORGANIZACIÓN DAS ENSINANZAS

## TÍTULOS CICLOS

## TÍTULOS CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

GRAO SUPERIOR

Técnico superior

Título máster FP

GRAO MEDIO

Técnico

Título de especialista

GRAO BÁSICO

ESO + Título básico

- **Oferta ordinaria**, grao profesional básico, grao medio e grao superior, en ensinanzas sostidas con fondos públicos:
  - Clasificada por familia profesional e ciclo formativo (actualizada o 12/06/2024)
  - Clasificada por provincia e concello (actualizada o 12/06/2024)

- **Oferta ordinaria**, grao profesional básico en ensinanzas sostidas con fondos públicos:
  - Clasificada por familia profesional e ciclo formativo (actualizada o 12/06/2024)
  - Clasificada por provincia e concello (actualizada o 12/06/2024)

- **Oferta modular** na modalidade **presencial**, en ensinanzas sostidas con fondos públicos:
  - Clasificada por familia profesional e ciclo formativo (actualizada o 12/06/2024)
  - Clasificada por provincia e concello (actualizada o 12/06/2024)

- **Oferta modular** na modalidade a **semipresencial e a distancia**, en ensinanzas sostidas con fondos públicos:
  - Clasificada por familia profesional e ciclo formativo (actualizada o 12/06/2024)
  - Clasificada por provincia e concello (actualizada o 12/06/2024)

- Oferta de prazas para **formación profesional dual intensiva**:
  - Clasificada por familia profesional e ciclo formativo (actualizada o 12/06/2024)
  - Clasificada por provincia e concello (actualizada o 12/06/2024)

- Oferta de prazas de **cursos de especialización**:
  - Clasificada por familia profesional (actualizada o 12/06/2024)
  - Clasificada por provincia e concello (actualizada o 12/06/2024)

# OFERTA DE CICLOS CURSO 2024-2025

https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp




- 24 familias
- Distribuídas en ciclos de grao básico, medio e superior

# FAMILIAS PROFESIONAIS

https://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-mapa-oferta-fp

# CICLOS DE FP DE GRAO BÁSICO

# CICLOS DE GRAO BÁSICO

- Calendario admisión
- Instrucións xerais admisión
- Oferta ciclos de grao básico

# REQUISITOS DE ACCESO

- Alumnado en idade escolarización obrigatoria de 2° ESO: Ten que ser proposto polo centro educativo
- Alumnado de 3° e 4° de ESO de 15 e 16 anos pode solicitar admisión por conta propia no centro educativo onde estea matriculado
- Alumnado en idade de escolarización non obrigatoria (17 ou +) pode solicitar a admisión no centro onde solicite praza

# CALENDARIO ADMISIÓN CURSO 24-25

## CICLOS DE GRAO BÁSICO

| Período ordinario de admisión | |
|---|---|
| Presentación de solicitudes | 24 de xuño ás 9:00 horas ao 4 de xullo ás 13:00 horas |
| Resolución provisional de solicitudes | 8 de xullo |
| Reclamación contra a resolución provisional de solicitudes | Do 8 ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 11 de xullo |
| Resolución definitiva de solicitudes | 23 de xullo |
| Adxudicación de prazas | 23 de xullo |
| Matriculación das persoas con praza adxudicada | Desde o 23 de xullo |

https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/10714

# DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS

## CICLOS DE GRAO BÁSICO

- Con carácter xeral, ofertaranse 18 PRAZAS para cada ciclo formativo
- Reservaranse o 10% para persoas con discapacidade (2 persoas por grupo)
- O alumnado con Necesidades Educativas Especiais, computará o dobre a efectos de ocupar postos escolares

# CICLOS DE GRAO BÁSICO

# CRITERIOS DE PRIORIDADE

De existir máis solicitudes de prazas asignaranse na seguinte orde:

1°) Alumnado que cursase 2° ESO

2°) Alumnado que cursase 3° ESO

3°) Alumnado que cursase 4° ESO

Dentro de cada grupo ordenaranse de menor a maior idade.

De quedar prazas vacantes asignaranse a alumnado de 17,18,19 ou 20 anos que non teñan un título de estudos secundarios

# NOVOS MÓDULOS CURSO 2024-2025

https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp

# 1º CURSO GRAO BÁSICO

- Itinerario persoal para a empregabilidade

# CICLOS DE FP DE GRAO MEDIO E SUPERIOR

# DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS

## CICLOS DE GRAO MEDIO

- Grupo 1 (entre 75 % e 85 %). Para persoas con título de graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional.
- Grupo 2 (entre 10 % e 20 %). Persoas que superasen un curso de formación específico ou unha proba de acceso.
- Grupo 3 (ata 10 %). Persoas con título de técnico ou de técnico superior (ou outros academicamente superiores).
- Persoas que teñan un grao C (certificado de profesionalidade) integrado no ciclo formativo e sen ningún dos anteriores requisitos; accederán no caso de prazas liberadas.

De quedaren prazas sen adxudicar nalgún grupo, adxudicaranse primeiro ás persoas solicitantes do grupo 1, logo ás do grupo 2 e, finalmente, ás do grupo 3, ata a adxudicación total das prazas. Se tras o proceso aínda quedaren prazas dispoñibles, ofreceranse como prazas liberadas. A adxudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adxudicación de prazas.

https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25-instrucions-xerais

# DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS

## CICLOS DE GRAO MEDIO




| Prazas | 22 | 30 |
|---|---|---|
| ESO-FPB | 16 | 22 |
| DISC. | 1 | 1 |
| Proba A | 2 | 3 |
| DISC. | 1 | 1 |
| Outros | 1 | 2 |
| DISC. | 1 | 1 |

https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25-instrucions-xerais

# DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS

## CICLOS DE GRAO SUPERIOR

- Grupo 1 (entre 75 % e 85 %). Para persoas con título de bacharelato e técnicos de ciclo medio cunha asignación de prazas non inferior ao 45 % en calquera deles. Establécense dous subgrupos:
  - Grupo 1.1. Título de bacharelato.
  - Grupo 1.2. Títulos de técnicos de FP e de artes plásticas e deseño.
- Grupo 2 (entre 10 % e 20 %). Persoas con curso de formación ou proba de acceso.
- Grupo 3 (ata 10 %). Persoas con título de técnico superior (ou outros academicamente superiores).
- Persoas que teñan un grao C (certificado de profesionalidade) integrado no ciclo formativo e sen ningún dos anteriores requisitos; accederán no caso de prazas liberadas.

De quedaren prazas sen adxudicar nalgún grupo, adxudicaranse primeiro ás persoas solicitantes do grupo 1,1, logo ás do grupo 1,2, logo ás do grupo 2 e, finalmente, ás do grupo 3, ata a adxudicación total das prazas. Se tras o proceso aínda quedaren prazas dispoñibles, ofreceranse como prazas liberadas. A adxudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adxudicación de prazas.

https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25-instrucions-xerais

# DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS

CICLOS DE GRAO SUPERIOR




https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25-instrucions-xerais

# DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS

As prazas ofrecidas para cada centro e ciclo distribúense en tres cotas:

1. Cota xeral
2. Cota para persoas con discapacidade legalmente recoñecida (10%)
3. Cota para deportistas de alto nivel ou de alto rendemento (5%).

https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25-instrucions-xerais

# CRITERIOS DE PRIORIDADE OFERTA ORDINARIA

## CICLOS DE GRAO MEDIO

| Prioridades no acceso a ciclos medios de oferta ordinaria | | |
|---|---|---|
| Grupo 1 | 1 | ▪ Graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional obtidos nos tres últimos anos naturais.<br>▪ Graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional obtidos antes dos tres últimos anos naturais. |
| | 2 | ▪ Técnico auxiliar.<br>▪ 2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentes.<br>▪ Ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, o 3º curso do plan do 1963 ou 2º de comúns experimentais e bacharelato superior. |
| | 3 | ▪ PCPI con módulos obrigatorios superados. |
| Grupo 2 | 1 | ▪ Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de FP ou curso de acceso a ciclos medios. |
| | 2 | ▪ Proba de acceso a ciclos formativos superiores de FP. |
| | 3 | ▪ Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.<br>▪ Proba de acceso a ciclos formativos medios e superiores de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño . |
| Grupo 3 | 1 | ▪ Título de técnico. |
| | 2 | ▪ Titulo de bacharelato.<br>▪ BUP. |
| | 3 | ▪ Título de técnico superior.<br>▪ Título de técnico especialista. |
| | 4 | ▪ Título universitario. |

https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25-instrucions-xerais

# CRITERIOS DE PRIORIDADE OFERTA ORDINARIA

## CICLOS DE GRAO SUPERIOR

| Prioridades no acceso a ciclos superiores de oferta ordinaria | | | |
|---|---|---|---|
| Grupo 1 | Subgrupo 1.1 | 1 | ▪ Título de bacharelato obtido nos tres últimos anos naturais. |
| | | 2 | ▪ Título de bacharelato obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais. |
| | | 3 | ▪ BUP + COU.<br>▪ BUP + PREU. |
| | | 4 | ▪ BUP. |
| | Subgrupo 1.2 | 1 | ▪ Título de técnico da mesma familia profesional obtido nos tres últimos anos naturais. |
| | | 2 | ▪ Título de técnico doutra familia profesional obtido nos tres últimos anos naturais. |
| | | 3 | ▪ Título de técnico da mesma familia profesional obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais. |
| | | 4 | ▪ Título de técnico doutra familia profesional obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais. |
| Grupo 2 | | 1 | ▪ Proba de acceso a ciclos formativos superiores de FP ou curso de acceso a ciclos superiores. |
| | | 2 | ▪ Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. |
| Grupo 3 | | 1 | ▪ Título de técnico superior.<br>▪ Título de técnico especialista. |
| | | 2 | ▪ Título universitario. |

https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25-instrucions-xerais

# NOVOS MÓDULOS CURSO 2024-2025

[https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp](https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp)

## 1° CURSO GRAO MEDIO E SUPERIOR

- Itinerario persoal para a empregabilidade I (substitúe a FOL)
- Inglés profesional
- Sustentabilidade aplicada ó sistema produtivo

# NOVOS MÓDULOS CURSO 2024-2025

https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp

## 2º CURSO GRAO MEDIO E SUPERIOR

- Itinerario persoal para a empregabilidade II (substitúe a EIE)
- Dixitalización aplicada ó sistema produtivo
- 1 módulo optativo

# CALENDARIO ADMISIÓN FP CURSO 24-25

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DO 24 XUÑO Ó 4 XULLO ÁS 13H

## Prazos do proceso de admisión
## - Oferta ordinaria
## - Oferta modular

| Período ordinario de admisión | |
|---|---|
| Presentación de solicitudes | 24 xuño ás 9:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas |
| Resolución provisional de solicitudes | 10 xullo |
| Reclamación á listaxe provisional | 10 xullo ás 9:00 ao 12 xullo ás 13:00 horas |
| Resolución definitiva de solicitudes | 17 xullo |
| 1ª adxudicación | 17 xullo |
| Matriculación 1ª adxudicación | 17 xullo ás 9:00 ao 22 xullo ás 13:00 horas |
| 2ª adxudicación | 24 xullo |
| Matriculación 2ª adxudicación | 24 xullo ás 9:00 ao 31 xullo ás 13:00 horas |
| 3ª adxudicación | 2 setembro |
| Matriculación 3ª adxudicación | 2 setembro ás 9:00 ao 5 setembro ás 13:00 horas |
| Adxudicación continuada (chamamento) | 11 setembro ás 9:00 horas ao 27 setembro ás 13:00 horas |

| Período de solicitude de matrícula simultánea | |
|---|---|
| Presentación de solicitudes* <br>*Sempre que existan prazas dispoñibles. | 10 setembro ás 9:00 horas ao 13 setembro ás 13:00 horas |
| Matriculación* <br>*Sempre que existan prazas dispoñibles e con resolución positiva do servizo de inspección educativa. | 17 setembro ás 9:00 horas ao 20 setembro ás 13:00 horas |

| Outras accións | |
|---|---|
| Ampliación da oferta modular coas prazas vacantes dos módulos de ciclos con oferta completa. | 23 setembro ás 9:00 horas ao 26 setembro ás 13:00 horas |

https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25-calendario

# FASES DO PROCESO DE ADMISIÓN

1

ADMISIÓN

2

MATRÍCULA

# 1 FASE 1: ADMISIÓN

# FORMULARIO WEB: "CICLOSADMISIÓN"

1º HAI QUE CUBRIR A SOLICITUDE WEB NA APLICACIÓN: "CICLOS ADMISIÓN"

https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/




https://www.youtube.com/watch?v=TMRJTMi-xyY

**Vídeo de axuda para a creación da solicitude web de admisión FP**

# COMO CUBRIR A SOLICITUDE?




1º Se non temos DNI electrónico ou certificado dixital dámoslle aquí

2º Cubrimos o DNI e correo electrónico e se non está na base de datos dámoslle a "Alta solicitude web"










3º Cumprimentar todos os datos: persoais, de contacto, e tipo de ensinanzas as que queremos acceder

4º Elixir preferencias: Centro, ciclo e/ou módulos

- Réxime ordinario: <u>Máximo 4 peticións de centro e ciclo</u>
- Réxime modular: Máximo 4 ciclos con ata 10 módulos cada un




5º Unha vez cubertos todos os datos darlle a <u>PECHAR SOLICITUDE.</u>

Vai xerar un documento PDF que hai que gardar. Nalgún caso podemos ter que engadir documentación (dni e expediente académico) e igual teremos que presentalos presencialmente nun centro de FP (recomendable o máis próximo ó domicilio)

<u>Comprobar as indicacións ó final do impreso.</u>

# LISTAXES DE ADMISIÓN

Publicaranse na páxina web: https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-24-25

- 10 xullo: Publicación listaxes provisionais: Soamente comprobar que están todos os datos da solicitude correctamente e senón temos 3 días para reclamar
- 17 xullo:
  - Publicación listaxes definitivas cos cambios das reclamacións
  - 1ª adxudicación de prazas

**Listaxes do procedemento de admisión**

- Listaxe provisional de solicitantes
- Listaxe definitiva de solicitantes
- 1ª adxudicación ordinaria: listaxe de persoas admitidas
- 2ª adxudicación ordinaria: listaxe de persoas admitidas
- 3ª adxudicación ordinaria: listaxe de persoas admitidas
- Listaxes de ciclos e módulos con prazas dispoñibles (de

Nas listaxes NON van aparecer datos persoais: nome, DNI... senón que nos imos identificar polo noso CÓDIGO PERSOAL DE CONSULTA (CPC)

Para obter o noso CPC temos que ir a WEB CICLOSADMISIÓN e abaixo de todo entrar en "ver código persoal de consulta"

Vannos pedir:

- DNI
- Nº de solicitude (nº que aparece no código de barras que está enriba a dereita da solicitude presentada

Admisión FP: Ver código persoal de consulta

Admisión FP: Consulta de solicitudes realizadas

Admisión FP: Consulta de solicitudes validadas

54698726114

https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/

## Listaxes do procedemento de admisión

- Listaxe provisional de solicitantes
- Listaxe definitiva de solicitantes
- 1ª adxudicación ordinaria: listaxe de persoas admitidas
- 2ª adxudicación ordinaria: listaxe de persoas admitidas
- 3ª adxudicación ordinaria: listaxe de persoas admitidas
- Listaxes de ciclos e módulos con prazas dispoñibles (de matrícula liberada)

# NOTAS ACCESO CURSO 2023-2024

https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-curso-2023-2024

- Buscando o ciclo nas listaxes pódese ver a nota de acceso da última persoa o curso pasado
- Cada ano varía en función da demanda
- Nota de acceso:
    - Ciclo medio: Nota media 3º+4ºESO sen relixión ou proxecto competencial/1º+2ºFPB
    - Ciclo superior: Nota media BAC sen relixión

**Buscador para ver as notas de acceso de cada ciclo:**
**https://www.educaweb.com/notas-corte/**

# 2 FASE 2: MATRÍCULA

- 17 de xullo: Publicación 1ª listaxe de adxudicación de prazas
- 17-22 de xullo ás 13h: 4 DÍAS para matricularse.
- Na oferta ordinaria, non matricularse nin renunciar significa quedar excluída/o do proceso de admisión
- Se decides renunciar para permanecer á espera dunha praza das opcións de maior prioridade lembra que a renuncia implica a perda do dereito a praza adxudicada e as de posicións posteriores na solicitude.
- Renunciar á adxudicación dunha praza da oferta ordinaria é condición indispensable para permanecer na listaxe de espera.
- Proceso de renuncia: a través da aplicación informática

# 2 FASE 2: MATRÍCULA

Para matricularse:

- Modelo de impreso de solicitude de matrícula dispoñible en: https://www.edu.xunta.gal/fp/

- Entrega persoalmente ou, máis recomendable, reserva/matrícula a través da aplicación informática e entregar documentación presencialmente na 1ª semana de clase

# 2 FASE 2: MATRÍCULA

## PRAZAS LIBERADAS

- A Dirección Xeral de FP poderá liberar as prazas vacantes dos ciclos ata o 20 de setembro ás 13h.
- Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes.
- As prazas vacantes dispoñibles estarán publicadas na web da FP - Xunta

## ADXUDICACIÓN CONTINUADA

- Nos ciclos con lista de espera, abrirase un proceso de adxudicación de prazas vacantes residuais entre 11 e 27 de setembro.
- Chamarase telefonicamente ás persoas para cubrir as prazas
- Mínimo 3 intentos de chamada separados por media hora e se non se localiza, pasarase á seguinte persoa

# MOTIVOS DE EXCLUSIÓN DO PROCESO DE ADMISIÓN

- Persoas matriculadas en ESO, Bacharelato ou FP
- Persoas admitidas nun proxecto de FP dual intensiva
- Persoas admitidas en cursos de especialización de FP

# MOITA SORTE!!!

## PARA MÁIS INFORMACIÓN...

- Apartado de ORIENTACIÓN da aula virtual e da páxina web do IES Coruxo
- Podes pedir cita coa orientadora
- Web de referencia: https://www.edu.xunta.gal/fp/